



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**1/2022. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2022.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 26 de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, a concelleira Dna. Ana María Varela Bastida. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29.12.2021 (19/2021).**


**3 min 02 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido, dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no mesmo, sométese o asunto a votación.

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (4 PP, 3 PSOE, 3 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 29.12.2021 (19/2021).

**2.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-1391, DE DATA 30.12.2021, RELATIVA A “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA E LUGO, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS: SOLICITUDE DE ADHESIÓN”.**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**3 min 18 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro da área de facenda, persoal e participación cidadá.

#### - EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


**3 min 45 s:** Polo sr. Mahía Prados infórmase sobre o ditame acadado no presente asunto na comisión informativa de obras, servizos e medioambiente e de seguido indica que o motivo de que o acordo de adhesión ao convenio se levase a cabo por Resolución da Alcaldía foi que a Xunta de Galicia e a FEGAMP enviaron ao Concello o convenio o último día habil do ano e non había tempo material para convocar un Pleno Extraordinario. A continuación di que xa na comisión informativa se informara que se xa trasladou á Xunta de Galicia e á FEGAMP o malestar do Concello na tramitación do expediente, xa que non lles parecía normal que a adhesión a este convenio chegase o último día do ano estando no aire o contrato de tres empregados do GES, aos cales non se lles podería prorrogar o mesmo se non estaba en vigor o convenio. Para rematar, o sr. Mahía Prados, quere deixar constancia do agradecemento aos funcionarios do Concello que o día 30 de decembro estiveron no Concello ata conseguir sacar o expediente adiante.

**5 min 04 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

#### - 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

**5 min 17 s:** O sr. Martínez Bardanca indica que ratificarán a resolución da alcaldía e sinala que no presente caso pareceríalle suficiente con dar conta da mesma e non ter que ratificala xa que todos están de acordo en que se asine o convenio. De seguido di que lles gustaría que se buscasse a posibilidade de evitar os reparos de intervención que se producen co tema dos contratos dos empregados municipais vinculados a este convenio, dende a parte que nos toca ao Concello, ben a través da RPT ou ben dalgún outro xeito polo que eses contratos teñan cabida e que non teñan que vir con ese tipo de reparos. De seguido di que este acordo debería vir cun acompañamento dende o Concello, no sentido de que este acompañamento debería reflectirse en que os orzamentos teñan unha contía na que se especifique claramente en que se vai a gastar o diñeiro, e que dado que é un servizo do que dispón o Concello, que ten uns custos importantes, que ten unhas funcións importantes e que poden realizar un servizos importantes deberíase amosar un apoio a ese servizo e tratar de melloralo no posible, dado que seguen a ter deficiencias. Ademáis sinala que anteriormente contábase co apoio, incluso económico, de Reganosa na prestación deste servizo e que habería que buscar a forma de que isto volvese a





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

encaixar. Para rematar indica que a aprobación deste acordo debería ir acompañada dunha vontade de que o servizo se mellore e que cada vez se preste un mellor servizo.

**9 min 55 s:** Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación

Rematadas as intervencións, sométese a votación a Ratificación da resolución da alcaldía núm. 2021-1391, de data 30.12.2021, sobre “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais: solicitude de adhesión”, e o Concello Pleno, vistos os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, e tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medioambiente realizada en data 20.01.2022, por unanimidade, acorda ratificar a citada resolución da alcaldía núm. 2021-1391, de data 30.12.2021, que copiada literalmente di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Alcalde-Presidente**

**Juan Domingo De Deus Fonticoba**


**Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA E LUGO, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS: SOLICITUDE DE ADHESIÓN.**

*Visto o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de Emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais asinado o 30.12.2021, no que se establece unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.*

*E vista a imposibilidade de adoptar un acordo plenario de adhesión ao mencionado convenio antes da súa entrada en vigor, pola presente **RESOLVO:***

**PRIMEIRO.-** *Solicitar a adhesión, con efectos do 01.01.2022, ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia*





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

*de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia, manifestar a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.*

**SEGUNDO.-** *Facultar ao sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectiva adhesión do Concello de Mugardos ao citado convenio.*

**TERCEIRO.-** *Ratifíquese a presente resolución da alcaldía polo Pleno da Corporación, se así se considera convinte, na seguinte sesión que se celebre.*

*Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”*

### **3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2021-1378, 2022-0002, 2022-0010 E 2022-0018.**


**10 min 07 s:** Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións da alcaldía números 2021-1378, 2022-0002, 2022-0010 e 2022-0018.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se indican:

- **Resolución da alcaldía núm. 2021-1378, de 28.12.2021,** sobre “Delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde o 3 de xaneiro de 2022”.
- **Resolución da alcaldía núm. 2022-0002, de 04.01.2022,** sobre “Delegación de atribucións para celebración de matrimonio civil o día 10.01.2022”.
- **Resolución da alcaldía núm. 2022-0010, de 05.01.2022,** sobre “Modificación da delegación de atribucións para celebración de matrimonio civil”.
- **Resolución da alcaldía núm. 2022-0018, de 11.01.2022,** sobre “Modificación da hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13.01.2022”.

### **4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2021-**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**1355 Á 2021-1400, AMBAS INCLUSIVE, E DA 2022-0001 Á 2022-0047, AMBAS INCLUSIVE**

**10 min 24 s:** Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2021-1355 á 2021-1400, ambas inclusive, e da 2022-0001 á 2022-0047, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2021-1355 á 2021-1400, ambas as dúas inclusive, e da 2022-0001 á 2022-0047, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior pleno ordinario.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**10 min 49 s:** Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo coas preguntas formuladas polo sr. Varela Filgueiras.

**11 min 05 s:** Polo sr. Varela Filgueiras formúlanse dúas preguntas de resposta oral a primeira delas relativa a si ten pensado o goberno municipal impulsar dalgún xeito a creación do Consello Local de Saúde, e en caso de resposta afirmativa, que datas contempla o goberno para levar a cabo os trámites necesarios. E de seguido, formula a segunda pregunta de resposta oral, relativa a si o Concello recibiu algunha proposta por parte da empresa Reganosa en relación ao contencioso do IAE, e no caso de resposta afirmativa, en que consiste a proposta, e no caso de resposta negativa, que pasos vai seguir o goberno para tratar de solucionar o problema.

**13 min 20 s:** O sr. Mahía Prados, en resposta á pregunta sobre o Consello Local de Saúde, di que o secretario xa ten delegada esa tarefa e que é un expediente que vai a ser longo porque primeiro hay que aprobar polo Pleno a constitución do Consello e hai que elaborar un regulamento, pero que coa incorporación do novo técnico de contratación a secretaría vai a estar algo máis folgada e os funcionarios terán máis facilidade para facer este traballo. De seguido, e referente ao tema de Reganosa, di que a situación é a mesma que xa expuxera na comisión de facenda realizada o día 5 de xaneiro, e que a eles non lles chegou ningunha proposta; sinalando, de seguido, que se falou directamente cos responsables para saber algo e que dixeron que estaban elaborando a proposta. Para rematar, o sr. Mahía Prados di que en canto saiban a proposta diranllo a tódolos grupos.

**15 min 05 s:** Polo sr. Varela Filgueiras pregúntase si o contencioso continúa parado.

**15 min 11 s:** O sr. Mahía Prados resposta que polo que el sabe si.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**15 min 14 s:** O sr. Alcalde di que está a punto de rematar o prazo pero que aínda hai algúns días máis. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

**15 min 29 s:** Polo sr. Martínez Bardanca formúlase unha pregunta de resposta oral en relación a que medidas vai a tomar o Concello de Mugardos para esixir a prestación dun servizo que satisfaga as necesidades do noso Concello, no referente á prestación do servizo da liña regular de autobus e aos retrasos nas rutas escolares, e si o Alcalde contempla a posibilidade de participar nunha reclamación conxunta cos Alcaldes dos Concellos da nosa contorna afectados polo mal servizo no transporte de pasaxeiros.

**17 min 16 s:** O sr. Alcalde di que polo de agora as medidas que van a adoptar son as que foron adoptando e que foron dando bos resultados, e que consisten en escoitar as queixas dos veciños, analizalas e trasladarllas á empresa concesionaria e á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia. De seguido, o sr. Alcalde, fai unha relación das melloras nas rutas conseguidas ata o de agora e di que, tras conversas mantidas coa Dirección Xeral de Mobilidade, non se poderá ter un horario axustado ata mediados de febreiro dado que a consultoría está facendo bastantes cambios en rutas que non estaban contempladas e que cren que si deben estar contempladas á vista de tódalas solicitudes que consideraron xustas. A continuación, e no que atinxe aos horarios dos buses escolares, di que se tiña comprobado que estaba a haber retrasos duns quince minutos pero que no día de hoxe os buses chegaran sen retraso; retrasos que seguirán vixiando que non se produzan. De seguido, e ao respecto de si está disposto a reunirse con outros alcaldes, o señor Alcalde di que sempre está disposto a falar con todo o mundo, sempre que se lle convide a ditas reunións, e que foi el mesmo o que solicitou á Mancomunidade, o 13 de xaneiro, a celebración dunha reunión urxente para abordar este tema de xeito monotemático, reunión que segue á espera de que se convoque, sinalando que o propio Director Xeral de Mobilidade comentoulle que era o único Alcalde da comarca que o estaba a chamar durante todos estes meses para tratar o asunto do transporte. Para rematar, o señor Alcalde di que tódalas reunións son positivas, pero que se non se comunican as conclusións á propia empresa e á Xunta de Galicia pois queda baleiro o traballo e que si a partir de febreiro vese que non se mellorou este tema terán que tomar outra serie de medidas aínda que se chame a Xunta do PP ou non do PP.

**24 min 27 s:** O sr. Martínez Bardanca di que as conclusións que saca é que a partir de febreiro si se van a cumprir as novas rutas e si se van a cumprir os horarios.

**24 min 52 s:** O sr. Alcalde di que as rutas que se fixeron se van incorporando, aínda que non todo o que se pediu se vai a contemplar polo de agora, e que ata febreiro non poden coordinar todas esas rutas entre os diferentes concellos implicados, xa que a consultora ten que facer unha proposta que ten que vir avalada





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

pola empresa e que ten que pasar despois á Dirección Xeral de Mobilidade. De seguido, o sr. alcalde di que a mediados de febreiro terán que avaliar si o que hai serve ou hai que tomar outra serie de determinacións.

**26 min 01 s:** O sr. Martínez Bardanca di que non entende que ten que ver que haxa novas rutas ou que se cambien as rutas con que non cheguen a tempo os buses ao instituto, por exemplo, ou con que unha determinada ruta non se cumpra. E que polo tanto, o que quere saber é si cando haxa as novas rutas van a cumprir os horarios ou van a cumprir os horarios a partir de hoxe, sexan as rutas novas ou vellas.

**27 min 04 s:** O sr. Alcalde di que a Xunta de Galicia o que quere facer é estabilizar os horarios, e os que xa están agora teñen que cumprirse e facer cumprilos, pero que a día de hoxe as empresas que están a prestar o servizo están inmersas en diferentes conflitos laborais que repercuten na correcta prestación do servizo; servizo que en febreiro debería estabilizarse, tanto no que atinxe ás rutas coma no que atinxe aos horarios, e que entende que terán que facer que se cumpran os mesmos. De seguido o sr. Alcalde dalle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

**27 min 57 s:** Polo sr. Fernández Fernández fórmulanse dúas preguntas de resposta oral a primeira delas relativa a se ten o Alcalde ou o Concelleiro responsable pensado reforzar o servizo de limpeza das rúas do Concello ou se esperará a que dispoñamos de personal do programa PEL da Deputación, e a segunda delas relativa a si se vai a realizar neste ano 2022 algunha contratación na área de obras e servizos para ocupar os postos de traballo vacantes na citada área.

**30 min 33 s:** O sr. Kuntz Peiteado, en relación a pregunta sobre o persoal do servizo de limpeza de rúas, di que agora mesmo hai unha soa persoa facendo estas labores pero que tamén hai unha empresa que se encarga de facer a limpeza das beirarrúas con auga a presión. De seguido, di que xa deron orde de que se crease un expediente en GESTIONA, para facer as bases do PEL, para que en canto saia a convocatoria poder xestionar ditas contratacións, e que a maiores está próxima a saír a subvención do RISGA e que polo tanto isto tamén servirá para reforzar o servizo de limpeza. Xa para rematar, o sr. Kuntz Peiteado di que durante este ano vaise a realizar o proceso selectivo para a cobertura de dous postos da área de obras e servizos.

**32 min 15 s:** O sr. Mahía Prados di que coa incorporación do técnico da área de contratación poderán destinar máis recursos para o que ven sendo o desenvolvemento da Oferta Pública de Emprego, Relación de Postos de Traballo e todo o que ven sendo materia de persoal. E xa para rematar, o sr. Mahía Prados di que teñen previsto sacar este ano as dúas prazas da área de obras así como ter desenvolva a Oferta Pública de Emprego antes de mediados de ano.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**33 min 04 s:** O sr. Kuntz Peiteado, como aclaración, di que na Xunta de Goberno Local convocada para o día 27.01.2022 xa está incluída a adxudicación do servizo da limpeza de rúas e cunetas e que, unha vez que a empresa que gañou o concurso da limpeza de zonas verdes e xardinería remita unha documentación que se lle requeriu, se levará a adxudicación do servizo á Xunta de Goberno Local.

**33 min 36 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca, aos efectos de que por este se formulen os rogos que se estime oportunos.

**33 min 51 s:** O sr. Martínez Bardanca formula dous rogos, o primeiro deles relativo a que o Concello contacte coa Igrexa, ou con quen teña a titularidade do edificio, para ver a posibilidade de que se faga a cesión do uso ou da propiedade da titularidade do edificio da Institución Escolar de Franxa-O Seixo para que este poida ser utilizado polos veciños, tal e como pedían. E de seguido formula o segundo rogo, á vista de que xa se levou a cabo a contratación dun técnico para a área de contratación, no que roga que se executen os POS que hai pendentes dende o ano 2019.

**35 min 54 s:** O sr. Alcalde di que incluso había pendentes obras do POS do ano 2015, que se acaban de rematar agora, pero que agora mesmo xa teñen moitos pregos redactados e que polo tanto van a ir moito máis rápidos na execución dos POS.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=39>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
9a5cf03e82185cd71abf280dce989b4c9ebd4f46695cecb4a0751693fbb3304d

Vº e praxe  
O ALCALDE

